



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE SETEMBRO DE 2019

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adxudicación do contrato das "Obras de reposición de legalidade Rúa García Prieto 9/11.- Santiago de Compostela". (Execución da sentenza P.O. 4387/1991). Adxudícase o contrato JStop Obras y Servicios, SL, por un importe de 221.430 euros (IVE incluído).

3.- Proposta da concellería delegada de Urbanismo relativa á incoación do expediente de contratación das "Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal, cultural e administrativo". Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 1.283.799,99 euros (IVE incluído).

4.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á incoación do expediente de "Concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación da cafetería sita no parque da Granxa do Xesto". Acórdase deixar deserta a licitación iniciada pola XGL de 10 de maio, por falta da documentación técnica e económica esixida nos pregos nas propostas dos dous licitadores presentados. Ábrese un novo procedemento, formalizando invitación aos dous interesados, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a presentación de ofertas.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á incoación do expediente de contratación do "Servizo de desenvolvemento do proxecto pedagóxico de "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 32.125,5 euros (IVE incluído).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á incoación do expediente de contratación do "Servizo de "saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, un tipo de licitación de 47.949,28 euros (IVE incluído).

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prorroga do contrato do "Servizo de mantemento e actualización do portal "orzamento aberto" do Concello de Santiago de Compostela". Prorrégase o contrato coa empresa Fundación Ciudadana Civio polo período adicional máximo previsto de 2 anos, a contar dende o 4 de setembro de 2019, por importes de 1.512,50 euros (2019), 6.050 euros (2020) e 4.527,50 euros (2021).

8.- Reconecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

9.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas de Igualdade da ampliación da subvención para a promoción da igualdade, cofinanciada polo FSE e polo pacto de Estado contra a violencia de xénero, ano 2019. (Axente de igualdade). Dáse conta da ampliación da subvención, para un total de 22.461,13 euros.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a "Asociación de padres, profesionales y amigos de personas con discapacidad intelectual. SPECIAL OLYMPICS GALICIA" para o desenvolvemento de varias actividades en 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 3.500 euros.

11.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a "Agrupación Deportiva EL CORREO GALLEGOS" para o desenvolvemento da 42ª edición da carreira pedestre popular de Santiago 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 12.000 euros.

12.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a "Federación Galega de Atletismo" para o desenvolvemento da 2ª edición da milla urbana PORTAS DE COMPOSTELA 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

13.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a "Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas", para o desenvolvemento da COPA ESPAÑA INFANTIL DE JUDO, MASCULINA E FEMININA 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 6.000 euros.

14.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a "Federación Galega de Baloncesto" para o desenvolvemento do VI JAMBOREE DE CLUBS MINIBASQUET GALICIA 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

15.- Dar conta pola concelleira delegada de Economía e Facenda da rectificación dun erro aritmético no punto 32 (apartado E) da sesión de 16.5.19, de aprobación definitiva do expediente de expropiación para a execución do plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico de A ROCHA. (PR-7). Dáse conta da corrección dun erro aritmético, modificando o importe de 195.143 euros por un importe de 203.878 euros.